

Expte.	Entidade	Aplicación orzamentaria	Puntuación total	Importe 2010	Importe 2011
2010/88-0	Concello do Porriño	12.05.322B.460.0 2002 14 460	80	47.750,00 €	47.750,00 €
2010/119-0	Concello de Cabanas	12.05.322B.460.0 2002 14 460	78	71.950,00 €	71.950,00 €
2010/116-0	Concello de Salvaterra de Miño	12.05.322B.460.0 2002 14 460	78	47.750,00 €	47.750,00 €
2010/39-0	Concello de Vimianzo	12.05.322B.460.0 2002 14 460	76	47.750,00 €	47.750,00 €
2010/41-0	Federación Provincial Empresarios Hostalaría de Pontevedra	12.05.322B.481.0 2002 14 460	87	31.875,00 €	38.250,00 €
2010/90-0	Asociación Empresarios Polígono San Cibrao	12.05.322B.481.0 2002 14 460	84	40.958,33 €	49.150,00 €
2010/17-0	Confederación de Empresarios da Coruña	12.05.322B.481.0 2002 14 460	83	29.708,33 €	35.650,00 €
2010/143-0	Cogami (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)	12.05.322B.481.0 2002 14 460	81	38.250,00 €	45.900,00 €
2010/30-0	Feaga (Federación de Autónomos de Galicia)	12.05.322B.481.0 2002 14 460	81	36.083,33 €	43.300,00 €
2010/7-0	Aspanas	12.05.322B.481.0 2002 14 460	80	29.708,33 €	35.650,00 €
2010/21-0	FSP-UGT de Galicia	12.05.322B.481.0 2002 14 460	80	30.791,67 €	36.950,00 €
2010/18-0	Formega (Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego)	12.05.322B.481.0 2002 14 460	78	36.208,33 €	43.450,00 €
2010/80-0	UGT Galicia Unión General de Trabajadores de Galicia)	12.05.322B.481.0 2002 14 460	78	31.875,00 €	38.250,00 €
2010/107-0	Acción laboral	12.05.322B.481.0 2002 14 460	76	32.958,33 €	39.550,00 €
2010/29-0	Cointega (Confederación de Industrias Textiles de Galicia)	12.05.322B.481.0 2002 14 460	69	36.083,33 €	43.300,00 €
2010/44-0	Down Galicia (Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down)	12.05.322B.481.0 2002 14 460	66	23.875,00 €	28.650,00 €

*Resolución do 1 de febreiro de 2011, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión mixta paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres, relativo á aprobación da táboa salarial para o ano 2011.*

Visto o acordo polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2011, que subscribiu a comisión mixta paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres, na xuntanza que tivo lugar o 17 de decembro de 2010, e de conformidade co disposto no artigo 90°.2 e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo,

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18 de novembro).

Segundo.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011.

Odilo Martiñá Rodríguez  
Director xeral de Relacións Laborais

**Acta da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres**

Santiago de Compostela, ás once horas do día dezanove de decembro de dous mil dez, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo, 24-baixo, reúnen as persoas abaixo

senaladas, que forman parte da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres.

-Representación empresarial:

En representación da *Asociación Galega de Empresas de Servicios Funerarios*:

Fernando Ruiz Posse.

José Luis Varela Tabarés (representado por Fernando Ruiz Posse).

Pedro de Diego Olavarrieta (representado por Fernando Ruiz Posse).

-Representación social:

UGT Galicia:

Pedro Pablo López Fernández.

Antonio Gómez Vila.

Serafín Álvarez Seoane.

O motivo desta xuntanza é a fixación do incremento salarial que se aplicará nas táboas salariais do convenio colectivo para o sector de pompas fúnebres de Galicia para o ano 2011.

As representacións presentes na comisión paritaria do convenio colectivo para o sector de pompas fúnebres de Galicia, logo da exposición daquelas consideracións e argumentacións que consideraron oportunas en defensa das súas pretensións, e tras un longo debate, acadan o seguinte acordo:

O recollido no texto do convenio colectivo de pompas fúnebres de Galicia sinala para o ano 2011 un incremento salarial de IPC previsto máis dous puntos. De cara a concretar o IPC previsto, esta comisión paritaria atense ao disposto no artigo 48º do Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, en relación coa sentenza da Sala do Social da Audiencia Nacional do 21 de maio de 2009 (sentenza 43/2009). Para estes efectos, sinálase como IPC previsto o 0%, fixado pola Lei de orza-

mentos xerais do Estado para o ano 2011 para incrementar as pensións públicas.

As táboas salariais para o ano 2011 incrementáanse, polo tanto, nunha contía total do 2%, e quedan do seguinte xeito:

Táboas salariais 2011 (salario bruto anual):

Categorías	2011	
	Salario	
Xefe administrativo	19.751,82	
Oficial Adm. 1º	15.949,60	
Oficial Adm. 2º	15.032,35	
Aux. Adm.	13.960,39	
C. Funerario 1º	15.949,60	
C. Funerario 2º	13.960,39	
C. Funerario 3º	12.983,16	
Azafata	13.960,39	
Mant. e limpeza	12.983,16	

De acordo co disposto no artigo 18º do convenio, no caso de que en 31 de decembro de 2010 o IPC real exceda o 3%, ou no caso de que se prevexa ou se estableza un IPC previsto, procederáse á revisión das táboas de acordo co establecido no convenio.

Facúltase o persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais para levar a cabo os trámites de depósito, rexistro e publicación desta acta.

E, ao non ter máis asuntos que tratar, remata a reunión, ás doce horas do día sinalado no encabezamento, e redactácese para o efecto esta acta, que asinan todos os asistentes en proba de conformidade.

## ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Corrección de erros.-Resolución do 7 de febreiro de 2011 pola que se convocan, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, cursos de linguaxe administrativa galega para o persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Advertido erro, na referida resolución, publicada no DOG nº 28, do 10 de febreiro de 2011, procede facer a seguinte corrección:

Na base primeira do anexo I, referente aos cursos de linguaxe administrativa galega nivel superior, onde di:

«A Coruña 5 setembro-27 de outubro 16.45-18.45 75».

Debería dicir:

«A Coruña 5 setembro-27 de outubro 8.00-10.00 75».

## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 25 de xaneiro de 2011 pola que se publica o plan de estudos de graduado ou graduada en Educación Infantil.*

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo do informe favorable da Axencia Nacional de Avaluación da Calidade e Acreditación, así como a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia, e despois de que o Consello de Ministros do 30 de outubro de 2009 acordase o carácter oficial do título (publicado no BOE do 5 de xaneiro de 2010 por resolución do secretario de Estado de Universidades do 13 de novembro de 2009).

Esta reitoría, de conformidade co artigo 35º.4 da Lei orgánica 6/2001, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, resolve publicar o plan de estudos conducente á obtención do título oficial de graduado ou graduada en Educación Infantil, que quedará estruturado segundo consta no anexo.

A Coruña, 25 de xaneiro de 2011.

José María Barja Pérez  
Reitor da Universidade da Coruña

### ANEXO

#### Plan de estudos o título de graduado ou graduada en Educación Infantil

##### 1. Estrutura das ensinanzas.

##### 1.1. Distribución do plan de estudos en créditos ECTS.

Tipo de materia	Créditos
Formación básica (FB)	60
Obrigatorias (OB)	102
Optativas (OP)	27
Practicum (P)	45
Traballo de fin de grao (TFG)	6
Créditos totais	240

##### 1.2. Créditos de formación básica. Distribución en materias.

Rama de coñecemento	Materia	Materias vinculadas	ECTS	Curso
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Teoría da educación	6	1
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Orientación e tutoría	6	2
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Organización e avaliación de institucións educativas	6	2
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Tecnoloxías da información e a comunicación en educación	6	1
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo	6	1
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Educación inclusiva e multicultural	6	2
Ciencias Sociais e Xurídicas	Psicoloxía	Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 6 anos	6	1
Ciencias Sociais e Xurídicas	Psicoloxía	Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos	6	1
Ciencias Sociais e Xurídicas	Socioloxía	Socioloxía da educación	6	1
Ciencias Sociais e Xurídicas	Historia	Historia da educación	6	1